# FICHA RESUMO

**PE 403A 2009/32-5**

| | |
|---|---|
| **Ano** | 2010 |
| **Entidade** | CONFRARÍA DE PESCADORES DE CANGAS |
| **Plan explotación**(1) | PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN |
| **Réxime** (2) | LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO |
| **Modalidade** (3) | MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE |

| | |
|---|---|
| **Especies** | Navalla (*E.arcuatus*) e longueirón (*E.siliquia*) |
| **Ambito do plan** | Praias de Rodeira, Liméns, Nerga e Barra, praia de Melide, e Illas Cíes (Rodas, Viños, Carracido e a praia de San Martiño), areal de Massó e a zona comprendida entre punta Borneira e punta Fanequeiro |
| **Subzonas probables de explotación** | Zona A: praias de Barra, Nerga e Liméns, banco delimitado entre punta Fanequeiro e punta Borneira, areal de Massó e praia de Rodeira<br>Zona B: que se subdivide en:<br>- Zona B1: praias de Rodas, Viños e Carracido<br>- Zona B2: praia de San Martiño |

| **Participantes no plan de explotación** | | |
|---|---|---|
| **Número de permex/persoas autorizadas** | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Mergulladores/habilitacións |
| | 17 | 25 |
| **Ampliación do número de permex** (4) | **Non** | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes/Habilitacións |
| - | - | - |

**Calendario de explotación**

| | |
|---|---|
| **Días máximos de extracción** | 225 |

**Época y zona probable de extracción** (5) : (*) de xaneiro a decembro. Establecerase unha veda de de dous meses consecutivos para a navalla do 15 de marzo ao 15 de maio e cunha veda de dous meses consecutivos para o longueirón entre maio e xullo, coa salvidade de que na primeira quincena do mes de maio poderán autorizarse un máximo de 9 días de extracción.

**Modalidade**(3)**:** mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie

| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X | X |
| B-A | B-A | B-A | B-A | B-A | B-A | B-A | B-A | B-A | B-A | B-A | B-A |

| **Topesde captura** | |
|---|---|
| **Especies** | **Mergullador enrolado e a bordo/día** |
| Navalla | 20 kg |
| Longueirón | 15 kg |

| | |
|---|---|
| **Artes ou técnica de extracción** | Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie |

| | |
|---|---|
| **Puntos de control** | Embarcación na zona de produción e lonxa de Cangas. |
| **Puntos de venda** | Lonxa de Cangas. |

| **Accións a realizar** (7) | **Epocas probables** (8) |
|---|---|

(*) Resolución do 30 de abril de 2010 da DX de Ordenación e Xestión dos RRRMM

| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Rexeneración zonas improdutivas** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Extracción semente para resembra** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Sementeiras** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Traslados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Rareos** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Limpezas e arados** | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| **Outros** | | | | | | | | | | | | |

**Outras consideracións (9)**

**Ambito do plan:** tendo en conta a resolución do 30 de xuño de 2009, o ámbito do plan é: Praias de Rodeira, Liméns, Nerga e Barra, praia de Melide, e Illas Cíes (Rodas, Viños, Carracido e a praia de San Martiño), areal de Massó e a zona comprendida entre punta Borneira e punta Fanequeiro.

Recoméndase que a zona A se subdivida, como mínimo en tres zonas de traballo, co obxecto de que sexan explotadas de forma rotatoria, permitindo o descanso dos bancos e facilite a análise da eovlución destes dunha forma individualizada

**Calendario de extracción:** a entidade propón un total de 253 días, sen embargo e para axustar o calendario de extracción aos días de actividade real dos anos anteriores (e incluso de 2009), o número de días queda fixado en 225. Deberase aportar un calendario que permita unha explotación alternativa e rotatoria de todas as subzonas, que terá que remitirse coa primeira solicitude de apertura.

(*) A veda de 2 meses consecutivos do 15 de marzo ao 15 de maio para navalla, e de 2 consecutivos entre maio e xullo para o longueirón (maio e xuño) unha vez iniciada, manterase para cada especie en todos os bancos explotados.

**Cota máxima de captura:** os topes de captura son os establecidos na ficha, sen que poda superar a cota de captura de 20 kg/mergullador/día para a navalla, ou de 15 kg/mergullador/día, para o longueirón, non podendo extraerse as dúas especies o mesmo día. Se os resultados das mostraxes que se efectúen con anterioridade á explotación así o aconsellan poderán reducirse estes topes de captura.

(*) Resolución do 30 de abril de 2010 da DX de Ordenación e Xestión dos RRRMM

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Actividade de mergullo:**

O informe da actividade de mergullo de data 06.11.2009 indica que se poden autorizar as inmersións necesarias para a execución do plan, sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, coas seguintes especificacións: ......

Mergullo en apnea: máximo 10 metros
Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira apertura mensual deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

**Plan de control**

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o producto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.

Deberá remitirse a certificación que acredite que o plan foi aprobado polos órganos de goberno da confraría.

**Recomendacións** para a mellora do plan.

- Revisar xunto co biólogo de zona, a subdivisión e rotación das zonas de traballo

**Informe do Parque Nacional de Illas Atlánticas** (25 de novembro de 2009)

A administración do Parque Nacional informa favorablemente a aprobación deste, coas seguindes condicións relativas ao ámbito territorial do parque:

- Non debe aumentarse o esforzo pesqueiro con respecto ao ano 2009: nin número de embarcacións, nin número de habilitacións, nin número de días ao ano, nin aumento de cotas
- Non deben realizarse actividades de semicultivo, non compatibles cos obxectivos de conservación do Parque Nacional
- Unicamente poderán realizarse actividades de limpeza de algas ou depredadores no Parque Nacional se previamente a súa realización se enviase informe biolóxico sobre a súa conveniencia, para a súa autorización, á dirección do Parque Nacional.
- Infórmase desfavorablemente a extracción nas zonas de Mäerl
- Considérase conveniente un punto de control para as extraccións na zona do parque.